

ENSINANZAS DEPORTIVAS

Preguntas más frecuentes

Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional

Que son as Ensinanzas Deportivas?

As Ensinanzas Deportivas están dentro do sistema educativo, e a súa finalidade é a formación de técnicos, nas diferentes modalidades deportivas. Permite que os/as futuros/as adestradores/as poidan formarse dentro do sistema educativo beneficiándose dunha formación académica, onde se adquiren as competencias necesarias propias do perfil profesional do título respectivo: iniciación, conducción, adestramento básico, perfeccionamento técnico, adestramento e dirección de equipos e deportistas de alto rendemento, facilitando ademais, o acceso profesional de quen as cursen ao sector deportivo.

Os títulos de Técnico Deportivo e Técnico Deportivo Superior, son os únicos títulos oficiais no ámbito deportivo con validez académica e profesional en todo o territorio nacional.

Estas ensinanzas están reguladas polo *Real Decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial* (BOE do 21 de novembro)

Que características teñen?

Son ensinanzas de Réxime Especial, porque poderanse **simultanear** con outros estudos e a súa oferta poderase **flexibilizar**, para permitir compatibilizar o estudo con outras actividades deportivas, laborais ou doutra índole.

Poderanse cursar:

- De forma completa ou parcial por bloques ou por módulos de ensino deportivo.
- En réxime de ensino presencial ou a distancia.
- Mediante distribución temporal extraordinaria (calendarios e horarios lectivos)

Como se estruturan as ensinanzas deportivas?

As Ensinanzas Deportivas estrutúranse en dous graos: **grao medio** e **grao superior**, e forman parte da educación secundaria postobrigatoria e da educación superior, respectivamente.

As Ensinanzas Deportivas organízanse tomando como base as modalidades deportivas e, se é o caso, as súas especialidades, de conformidade co recoñecemento outorgado polo Consello Superior de Deportes.

- As ED de **grao medio** organízanse en dous ciclos: ciclo inicial de grao medio e ciclo final de grao medio. Teñen unha duración mínima de 1000 h., das cales polo menos 400 h. corresponderán ao ciclo inicial.

- As ED de **grao superior** organízanse nun único ciclo de grao superior. Teñen unha duración mínima de 750 h.

Cales son os requisitos de acceso de carácter xeral?

REQUISITOS	GRAO MEDIO	GRAO SUPERIOR
CARÁCTER XERAL	<p>Para acceder ao ciclo inicial das ensinanzas de grao medio será necesario ter o título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria ou outro título declarado equivalente a efectos académicos.</p> <p>Para acceder ao ciclo final das ensinanzas de grao medio será necesario acreditar ter superado o ciclo inicial de grao medio na correspondente modalidade ou especialidade deportiva.</p> <p>Sen o título de Graduado en ESO: superación dunha proba de madurez de grao medio, ou outra declarada equivalente, e ter unha idade mínima de 17 anos. (MODELOS DE PROBAS)</p>	<p>Para acceder ao ciclo de grao superior será necesario ter o título de Bacharel ou outro título declarado equivalente a efectos académicos, así como o título de técnico deportivo na correspondente modalidade ou especialidade deportiva.</p> <p>Sen o título de Bacharelato: superación dunha proba de madurez de grao superior, ou outra declarada equivalente, e ter unha idade mínima de 19 anos. (MODELOS DE PROBAS)</p>

Cales son os requisitos de acceso de carácter específico?

REQUISITOS	GRAO MEDIO	GRAO SUPERIOR
CARÁCTER ESPECÍFICO (pode ser obxecto de EXENCIÓN)	<p>Para acceder ao ciclo inicial:</p> <ul style="list-style-type: none">- Superar unha proba de carácter específico na que se avalían as capacidades físicas e técnicas da modalidade ou especialidade correspondente.- Cumprir cos requisitos deportivos que puideran establecerse na especialidade ou modalidade correspondente. <p>Para acceder ao ciclo final:</p> <ul style="list-style-type: none">- Proba de carácter específico, de ser o caso.- Cumprir cos requisitos deportivos que puideran establecerse na especialidade ou modalidade correspondente.	<ul style="list-style-type: none">- Superar unha proba de carácter específico, de ser o caso.- Cumprir cos requisitos deportivos que puideran establecerse na especialidade ou modalidade correspondente.

A que ensinanzas dá acceso o Título de Técnico Deportivo (TD)?

O TÍTULO DE
TÉCNICO DEPORTIVO

Permitirá o acceso a calquera das modalidades do Bacharelato, calquera que for o requisito académico para o acceso ás ensinanzas deportivas
(Art. 22.5 do Real Decreto 1363/2007, do 24 de outubro)

A que ensinanzas dá acceso o Título de Técnico Deportivo Superior (TDS)?

O TÍTULO DE
TÉCNICO DEPORTIVO
SUPERIOR

Dará dereito ao acceso directo aos estudos universitarios que se determinen, tendo en conta os estudos cursados, de acordo coa normativa vixente sobre os procedementos de acceso á Universidade
(Art. 22.6 do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro)

Como se organizan as ensinanzas?

Os ciclos de ensino deportivo **organízanse en MÓDULOS**, que é a unidade coherente de formación que está asociada a unha ou varias unidades de competencia, de duración variable.

OS MÓDULOS CLASIFÍCANSE EN:

MÓDULOS COMÚNS

Formación asociada ás competencias profesionais que soportan os procesos de iniciación deportiva, tecnificación deportiva e alto rendemento

MÓDULOS ESPECÍFICOS

Formación referida a aspectos técnicos, organizativos ou metodolóxicos da propia modalidade deportiva

MÓDULO DE FORMACIÓN PRÁCTICA

Formación asociada ás competencias, que cómpre completar no contorno deportivo e profesional real

MÓDULO DE PROXECTO FINAL (nos ciclos de grao superior)

Formación integrada dos coñecementos adquiridos durante o período de formación

En que centros se pode cursar estas ensinanzas?

**CENTROS PÚBLICOS
DEPENDENTES DA CONSELLERÍA
DE CULTURA, EDUCACIÓN E
UNIVERSIDADE**

**CENTROS PÚBLICOS NON
DEPENDENTES DA CONSELLERÍA
DE CULTURA, EDUCACIÓN E
UNIVERSIDADE**

**CENTROS PRIVADOS
AUTORIZADOS**

Para consultar a **OFERTA**
prema [aquí](#)

Que modalidades se poden cursar en Galicia?

DEPORTES DE INVERNO (Esquí Alpino, Esquí de Fondo e Snowboard)	FÚTBOL	FÚTBOL SALA
BALONMÁN	BALONCESTO	ATLETISMO
MERGULLO DEPORTIVO CON ESCAFANDRO AUTÓNOMO	DISCIPLINAS HÍPICAS (Salto, Doma e Concurso Completo, e Resistencia, Orientación e Turismo Ecuestre)	MONTAÑA E ESCALADA (Escalada, Media Montaña e Alta Montaña)
JUDO E DEFENSA PERSOAL	SALVAMENTO E SOCORRISMO	PIRAGÜISMO (Augas Bravas, Augas Tranquilas e Piragüismo Recreativo)
VELA CON APARELLO FIXO	VELA CON APARELLO LIBRE	BLOQUE COMÚN das actividades de formación deportiva das modalidades en período transitorio

Cando se convocan as probas de acceso ás ensinanzas deportivas?

- A Consellería de Cultura, Educación e Universidade regula as probas de acceso ás ensinanzas deportivas (específicas e de madurez) e realizará, polo menos, unha convocatoria anual.
- Os centros educativos debidamente autorizados, poderán solicitar á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional a convocatoria extraordinaria de probas específicas na modalidade ou especialidade deportiva para o que foron autorizados.

Para máis información:

Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial
Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente

E Ensinanzas de Réxime Especial

Edificio Administrativo San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela

<http://www.edu.xunta.gal/portal/>

Tlf.: 881 996506

asesoria.deportes@edu.xunta.es